



ADENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA E O CONCELLO DE MOS PARA O MANTEMENTO DUNHA BRIGADA DE PROTECCIÓN E DEFENSA DO AMBIENTE E ESPAZOS NATURAIS

En Santiago de Compostela, o 3 de novembro de 2017

REUNIDOS

Dunha parte, Alfonso Rueda Valenzuela, vicepresidente e conselleiro da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, facultado para a formalización deste convenio polo artigo 34º da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

Pola outra parte, Nidia Mª Arévalo Gómez, alcaldesa do Concello de Mos, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21.1 b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 61.1.a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

EXPOÑEN

Primeiro. Con data 31 de xullo de 2017, a Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, asinou co concello de Mos un convenio de colaboración para o mantemento dunha Brigada de protección e defensa do ambiente e espazos naturais

Segundo. O Concello de Mos interesa unha ampliación destes prazos para a execución das actuacións, presentación da documentación xustificativa e de vixencia do convenio e asemade solicita a modificación do orzamento recollido no anexo I, modificando a duración dos contratos de persoal da brigada e os importes das partidas destinadas combustible e material consonte o orzamento que achega a proposta de modificación e que figura coma anexo I a esta addenda

Cuarto. Co fin de estudar a proposta do concello, en data 23 de outubro de 2017 reuniuse a Comisión Mixta, integrada por un representante da Dirección Xeral de Administración Local e un representante do concello de Mos, e propuxo a formalización dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o concello de Mos para o mantemento dunha Brigada de protección e defensa do ambiente e espazos naturais, que recolla: a ampliación dos prazos establecidos e a modificación do orzamento inicial substituído o mesmo polo presentado na proposta do Concello que figura como anexo I a esta addenda.

As partes reunidas **ACORDAN:**

- A modificación dos prazos establecidos, para a execución das actuacións, presentación da documentación xustificativa e do prazo de vixencia do convenio, establecidos nas cláusulas quinta e décimo terceira, ata o día 15 de decembro de 2017.
- A modificación do orzamento inicial substituído o mesmo polo presentado na proposta do Concello que figura como anexo I a esta addenda.

En proba da súa conformidade, as partes comparecentes asinan en duplicado exemplar o presente documento, para un só efecto, no lugar e data sinalados no encabezamento.

O vicepresidente e conselleiro de Presidencia,
Administracións Públicas e Xustiza

O alcaldesa do concello de Mos

Alfonso Rueda Valenzuela

Nidia Mª Arévalo Gómez



XUNTA
DE GALICIA



Anexo

ANEXO ORZAMENTO

BRIGADA DE PROTECCIÓN E DEFENSA DO AMBIENTE E ESPAZOS NATURAIS

Partida 1. equipamento de protección individual			
Descrición	Ud.	Prezo	Total
Bota de seguridade	3	165,00 €	495,00 €
Pantalón de traballo	6	46,70 €	280,20 €
Camiseta de servizos	6	16,71 €	100,26 €
Cazadora de traballo	3	56,50 €	169,50 €
Suadoiro algodón	3	75,50 €	226,50 €
Luvas serraxe	3	4,50 €	13,50 €
Ceñidor WT	3	15,00 €	45,00 €
Verdugo dobre capa protección	3	25,00 €	75,00 €
Suma			1.404,96 €
IVE 21%			295,04 €
TOTAL partida 1 - Equipamento			1.700,00 €

Partida 2. Combustible	
Estimación custos combustible	4.765,73€
TOTAL partida 2 - Combustible	4.765,73€

Partida 3. Material			
Descrición	Ud.	Prezo	Total
Bomba INOX + fundición 0,75	1	171,07 €	171,07 €
Escalera flexible 7145 4x5	1	115,29 €	115,29 €
Cortafrios pequeno Bellota	1	7,96 €	7,96 €
Cortafrios grante Bellota	1	8,78 €	8,78 €
Disco 2 puntas 25 MM	1	6,32 €	6,32 €
Disco corte fino 115 MM	1	0,74 €	0,74 €
Disco nylon Husqvarna T45X	1	26,03 €	26,03 €
Disco Widea 115	1	20,83 €	20,83 €
Generador Inverter Ibiza	1	361,16 €	361,16 €
Propak. Equipo espuma portátil	1	1.182,64 €	1.182,64 €
Suma			1.900,83 €
IVA 21%			399,17 €
Total partida 3 - Material			2.300,00 €

Partida 4. Gastos de personal						
Posto de traballo	Soldo mensual	Prorrata paga extra	SS empresa	Total custo traballador	Número de persoas contratadas	Total
Peón brigada ambiental	1.026,33 €	171,06 €	452,61 €	1.650,00 €	1	6.435,00 €
Oficial brigada ambiental - conductor	1.181,84 €	196,97 €	521,19 €	1.900,00 €	2	14.799,27 €
TOTAL partida 4 - Gastos de persoal						21.234,27 €

ORZAMENTO TOTAL DA BRIGADA: 30.000 EUROS



XUNTA
DE GALICIA